

## ENTRE O CLAMOR E A SAUDADE

*(Retrato de Manuel Rodríguez López:  
o poeta valente, o amigo)*

Enrique, fillo, teu pai,  
Manuel Rodríguez López,  
dixo: – Quixera eu ver se existe a Noite.  
E arrepuñou coa alma,  
coa forza da palabra dos valentes,  
a angustia de saber que a Noite existe,  
e foi sentir na sombra a súa nenice  
xogando cun balón feito de espigas  
de humildades, e loitas, e incertezas.

Despois díxolle a Santi: – Fillo, xoga  
á landra, á pita cega, e aos bugallos,  
ao escallo na penumbra, ás alboradas,  
ao balde, a quen máis nade,  
porque a Noite terá aínda máis sombras  
nun río innumerable de tristezas  
seriñas que serán  
barquiñas liberadas á corrente.

Enrique, Santi, fillos,  
voso pai, aguerrido nas errancias  
da vida e da palabra,  
tentou vencer a Noite da inxustiza  
ordenándolle á furia o seu sosego  
como quen é todo o dono do vento,  
un virandel poderoso de astros

despatiñando albas  
onde o amencer desobarda, e dá a volta  
nesa espera de estar onde se escoita  
o valente clamor da dignidade,  
o remol insistente do clamor,  
cando a vida era arder contra outras nadas  
e vivir era sombra, unicamente.

Enrique, Santi, fillos,  
nun febreiro de lúas calandiñas  
voso pai dixo en voz baixa: – Saudade,  
non queda tempo xa, non queda tempo.  
E marchou lenemente cara ás cembas  
que penduran dos teitos desta ausencia  
tralos muros da Noite.

Agora voso pai está a vivir  
o todo da súa herdanza  
na alta claridade que aínda asala  
a loira do día que buscaba  
na orde substantiva das palabras  
*Irene, Paradela,*  
*Galicia, Enrique, Santi:*  
os puntos de partida,  
a patria das lucenzas,  
as puntas da súa estrela,  
as últimas certezas.

**Xavier Rodríguez Barrio**